

Xosé Ramón Barreiro Fernández

IN MEMORIAM

Ana Romero Masiá
aromeromasia@yahoo.es

O 17 de marzo de 2021 foi un día triste para toda Galicia, pero especialmente para quen o tratamos e admiramos. Co pasamento de Xosé Ramón Barreiro Fernández todos quedamos un pouco orfos porque non só perdemos a un historiador de referencia obrigada nos múltiples e variados ámbitos nos que centrou as súas investigacións, senón que tamén perdemos a un infatigable traballador, que continuaba escribindo –a pesar do deterioro da súa saúde– ata os últimos días. Perdemos ademais a un excelente comunicador e divulgador da cultura e da historia de Galicia que, co seu saber enciclopédico e a súa harmónica e potente voz, era capaz de facerse entender por todos os públicos difundindo con paixón e entusiasmo os seus coñecementos, desde a cátedra universitaria á asociación cultural dun barrio; Barreiro sempre estaba disposto a participar na divulgación das súas investigacións, que comunicaba en ordenadas exposicións e cunha linguaxe adaptada ás circunstancias, pero sen perder rigor nin profundidade intelectual. Esta facilidade de comunicación contribuía a reforzar o seu carácter cordial, afable e accesible.

Coñecín a Xosé Ramón Barreiro na Facultade de Historia de Santiago como compañeiro de curso e lembro perfectamente o respecto que me inspiraba a súa persoa e o seu saber. Incorporouse á miña promoción nos cursos superiores e xa poden imaxinar a distancia intelectual co resto dos compañeiros; non era soamente pola diferenza de idade (15 anos), senón por toda a bagaxe cultural que Barreiro –Pepe para todos os compañeiros– acumulaba e que superaba, nalgúns aspectos, ao propio profesorado. Lembro o temor de que me tocase intervir nas exposicións orais das clases despois del, porque por moi ben que o fixese sempre sería unha anana fronte a un xigante. Pero tamén lembro que nunca fixo alarde desta superioridade e que nos animaba e axudaba a preparar aquelas temidas intervencións.

Continúei contando coa amizade de Pepe Barreiro ao rematar a carreira no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento de Santiago, el como membro da institución e eu, inicialmente, como bolsista do CSIC e máis tarde como membro e secretaria da Sección de Prehistoria e Arqueoloxía. Despois, aprobada a oposición de catedrática de Xeografía e Historia destinada nun instituto de Ferrol, perdemos un pouco o contacto que retomamos cando me trasladéi á Coruña en 1988. Así que, como Barreiro, eu tamén compostelá de familia e vivencias, instalámonos na cidade herculina, que nos acolleu e facilitou o noso traballo investigador. Aquí procuraba asistir a todos os actos nos que Barreiro interviña polo pracer de escoitalo e saudalo; e sempre foi comigo un amigo cariñoso e xeneroso.

Cando decidín retomar a elaboración dunha tese de doutoramento –desconectada como estaba do mundo da Universidade– pensei en Barreiro como director. Recibíume no seu despacho da Real Academia Galega e, unha vez máis, deu proba da súa xenerosidade e confianza aceptando o traballo sen pensalo, e iso que non sería defendida en Santiago, contaba unicamente cun ano para presentala e o tema de investigación non era do ámbito das súas preferencias. Máis tarde, coa publicación do texto, volvería a mostrarme o seu afecto e xenerosidade escribindo o prólogo.

Nestes últimos anos tiven o honor de compartir tarefas no Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses, compartindo a responsabilidade de recuperar a publicación da revista, que levaba varios anos sen saír, ademais de formar parte da comisión encargada de celebrar o bicentenario do inicio do Trienio Liberal, un tema tan querido para Barreiro. Foi un pracer compartir este traballo, pero tamén unha mágoa ver como a súa saúde ía apagando unha vida á que lle quedaban tantas cousas por facer e tantos proxectos por realizar.

Todos os que coñecemos a Barreiro sabemos da súa paixón polos libros e os documentos orixinais –paixón que compartiu coa súa muller, Beatriz– pero non como simple coleccionista, senón que tamén eran instrumentos de traballo para as súas investigacións. A súa biblioteca e arquivo impresionan polo volume e calidade das súas pezas. Cantas ideas estarían aínda dando voltas na súa cabeza para analizar, comentar, contextualizar ou simplemente dar a coñecer a outros investigadores algunha desas pezas únicas que con tanto amor gardaba!

Da inmensa obra de Xosé Ramón Barreiro quero destacar agora o traballo realizado para iniciar a publicación desta revista, *La Tribuna*, asociada á Casa-Museo de Emilia Pardo Bazán. Foi un obxectivo destacado desde que asumiu a presidencia da Real Academia Galega en 2001 e que conseguiu en 2003 coa publicación do seu primeiro número. Tal como indicaba o propio Barreiro na presentación da nova revista, resultaba *sorprendente que non existise unha revista, especificamente dedicada a dona Emilia e destinada a acoller a investigación e a alta divulgación sobre a súa vida e a súa obra*. Xa que logo, con esta nova publicación, daba cumprimento a esa necesidade. Trátase dun espazo ao servizo de cantos desexen publicar os seus traballos relacionados coa vida e obra da escritora coa única condición do rigor científico e a metodoloxía axeitada.

O inicio de *La Tribuna* coincide no tempo coa reinauguración da Casa-Museo, onde tamén tivo un papel destacado Barreiro, dando mostras, unha vez máis, da súa capacidade como xestor institucional dotando tanto ao Museo como á propia Academia de significativas melloras.

O coñecemento e o interese de Barreiro sobre Emilia Pardo Bazán está presente en varios momentos na súa bibliografía, ben a través de breves referencias na prensa periódica –especialmente na sección «Periódicos» e «Bibliofilia» do suplemento cultural de *La Voz de Galicia*– como en varias introducións sobre a obra literaria da escritora ou analizando o contexto histórico no que se desenvolveu a vida de dona Emilia. E sen esquecer a súa activa participación na posta en marcha da renovada Casa-Museo ou a incursión no ámbito literario a través da análise dun dos contos pardobazianos e a súa relación co pensamento da escritora.

Barreiro publicou en *La Tribuna*, ademais da presentación xeral e inicial da revista, 13 traballos en 10 números. En todos os casos trata temas relacionados coa biografía de Emilia Pardo Bazán abordando temas descoñecidos ou revisados á luz das novidades derivadas da localización de nova documentación. Ademais de varias recensións de libros, dous traballos da súa autoría son especialmente interesantes polas novidosas achegas e a minuciosidade do seu tratamento e, nos dous casos, aborda temas do seu agrado sobre os que volverá a publicar: a polémica sobre o certame de Ourense de homenaxe a Feijóo, e a análise da ideoloxía política de dona Emilia, un tema que segue a suscitar polémica entre os investigadores.

Dando mostras, unha vez máis, da súa xenerosidade, ausencia de protagonismo e altura de miras intelectuais, Barreiro non dubida –e creo que non hai moitos intelectuais da súa valía que se integren nun grupo de traballo permanente con xente moito máis nova non relacionada directamente coa investigación histórica– en formar parte do *Grupo de investigación La Tribuna*. Barreiro orienta este grupo co obxectivo de estudar a vida e a obra de Emilia Pardo Bazán –a partir, sobre todo, da información arquivística e hemerográfica– procurando iluminar zonas sombrías da súa biografía. Xorden así aspectos ata entón non tratados que completan a polifacética vida da escritora e que van desde o tratamento do viño na súa obra á crise matrimonial, o seu patrimonio económico ou aspectos varios e traxedias dos seus antepasados.

Co profesor Barreiro desaparece unha personalidade única, pero permanece a súa obra e a súa memoria tanto nos que tivemos a sorte e a honra de tratalo como naqueles que o fan a través dos seus escritos. A importancia do seu labor como docente e investigador da Historia de Galicia foi recoñecida con premios e condecoracións pero, e sobre todo, quédame a lembranza de quen admirei como investigador e valorei como persoa, compañeiro, colaborador e amigo.

